



LENTE VIOLETAS
para entidades socioeducativas

LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS, LGTBIQA+ E MASCULINIDADES DISIDENTES

ACTIVIDADE 100% GRATUÍTA



**Deputación
DA CORUÑA**



Aventureira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

CONTIDOS



01 QUEN SOMOS? O LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS

<u>Aventeira S. Coop. Galega</u>	02/
<u>O sentido do Laboratorio</u>	02/
<u>A quen vai dirixido?</u>	03/

02 COMO FUNCIONA O LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS?

<u>Creación do grupo</u>	05/
<u>Formación inicial</u>	05/
<u>Entrega do "starter pack"</u>	06/
<u>Acompañamento online</u>	06/

03 COMO PARTICIPAR NO LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS?

<u>Pasos a seguir</u>	08/
---------------------------------------	-----



**Deputación
DA CORUÑA**

*Proxecto subvencionado cun importe de 19.987,81€ pola
Deputación da Coruña, a través do Programa de
Subvencións a Entidades Sen Fins de Lucro para o
Desenvolvemento de Programas de Políticas de Igualdade
de Oportunidades entre Mulleres e Homes e Loita contra
a Violencia de Xénero no ano 2026.*

01



QUEN SOMOS? O LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS

Aventeira S. Coop. Galega

Somos unha **cooperativa sen ánimo de lucro** vencellada ao eido da Educación Non Formal, conformada por un **equipo multidisciplinar** de persoas comprometidas e con moita experiencia no sector profesional do tempo de lecer. Cremos na creación colectiva e nas sinerxías entre entidades socioeducativas, polo que **acompañamos a profesionais do sector no desenvolvemento da súa sensibilidade e perspectiva de xénero**.

Para nós, **o lecer e o tempo libre** representan a contorna perfecta para a Educación en Valores, a convivencia, e o crecemento persoal e colectivo. Buscamos **construír un mundo mellor** a través dos nosos proxectos e actividades, compartindo o noso xeito de facer con outros equipos profesionais.

O sentido do Laboratorio

Nestes últimos anos, coñecemos a moitas persoas profesionais preocupadas ante o **auxe de discursos antifeministas, LGTBIfóbicos e negacionistas das violencias machistas** nos seus contextos educativos.

Nesta andaina, tamén aprendimos de moitas persoas comprometidas como achegar estratexias de participación ás nenas, nenos e adolescentes. Asistimos marabilladas a Asembleas de ata 100 persoas conducidas pola mocidade. Aprendimos nos Puntos Violeta e Puntos Multicor o liberador que resultan os espazos colectivos nos que podemos compartir os nosos medos e resolver posibles dúbidas.

Nós sabemos que, cando a mocidade ten voz e ferramentas, esta pode converterse en **axente de transformación social**. **E vós... Queredes ser parte do cambio?**

QUEN SOMOS? O LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS

A quen vai dirixido?

Se formas parte dun **equipo docente, educativo ou de voluntariado**, queres loitar contra os discursos de odio contrarios á igualdade, e gustaríache acompañar a un grupo de mozas e mozos durante o proceso de creación de Asembleas Feministas, LGTBIQA+ ou Espazos de Masculinidades Disidentes... **Este proxecto é para ti!**

Así mesmo, se es unha **persoa de entre 13 e 25 anos** e queres compartir as túas inquedanzas sobre igualdade, diversidade afectiva-sexual ou masculinidades disidentes, só necesitas formar un grupiño e **convidar a un profesor/a, educador/a ou monitor/a para que vos acompañe!**





COMO FUNCIONA O LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS?



COMO FUNCIONA O LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS?

1/ Creación do grupo

O primeiro paso é **formar un equipo** de, polo menos, **unha persoa educadora e cinco persoas participantes**. É fundamental que todas as persoas estean motivadas para participar!

2/ Formación inicial

Trátase de **dúas sesións formativas** en **modalidade presencial** e de **2 horas de duración** cada unha delas.

→ 1ª SESIÓN FORMATIVA:

- A visión común do grupo: O propósito compartido.
- Metodoloxía de participación asemblearia.
- Claves prácticas para a dinamización de grupos e a sostibilidade da Asemblea.
- Acompañamento durante a dinamización da primeira Asemblea para a toma de decisións básicas de organización, ou análise das dificultades que atopa o grupo e deseño de estratexias para superalas.

→ 2ª SESIÓN FORMATIVA:

- Recoñecemento das formas de manifestación das violencias machistas (violencia de xénero e violencias LGTBIfóbicas).
- Xestión e dinamización dun Punto Violeta ou Punto Multicor no voso contexto educativo.
- Pautas para acompañar a persoas que están vivindo, ou viviron, unha situación de violencia machista.
- Deseño de campañas de sensibilización e materiais comunicativos.

COMO FUNCIONA O LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS?

3/ Entrega do “starter pack”

Co fin de apoiar a labor realizada no voso contexto educativo, o grupo contará cun **“starter pack”** que contén os seguintes materiais:

- Guía **“Labortorio de Asembleas Feministas: Unha guía para artellar Asembleas, campañas comunicativas e Puntos Violeta en contextos educativos”** en formato dixital, xunto cun exemplar impreso da mesma.
- **Chalecos “Punto Violeta”** para as persoas responsables da xestión e dinamización deste espazo dentro do centro educativo.
- **Landyards** para identificar ás persoas responsables da xestión e dinamización do Punto Violeta dentro do centro educativo.
- **Cartelería e stickers** para visibilizar o compromiso do centro educativo coa promoción da igualdade e a prevención das violencias machistas.
- **Calendario anual de efemérides** vencelladas ao movemento feminista e á loita polos dereitos das persoas que forman parte do colectivo LGTBIQA+.

4/ Acompañamento online

Trátase de **3 sesións de acompañamento, en modalidade online e de 1h 30min de duración** cada unha delas. A finalidade é facilitarvos acompañamento durante a preparación das primeiras Asembleas ou abordar as dificultades que vaian xurdindo no grupo.

Os acompañamentos serán calendarizados entre os meses de Marzo e Decembro de 2025. Ademais, os horarios serán adaptados ás necesidades do grupo (en horario extraescolar, fins de semana, recreos, etc.).



COMO PARTICIPAR NO LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS?

COMO PARTICIPAR NO LABORATORIO DE ASEMBLEAS FEMINISTAS?



CONTACTA CON NÓS!

Se tedes algunha dúbida ou se precisades máis información, podedes poñervos en contacto con nós a través do **correo electrónico** ou do **teléfono**, segundo a vosa preferencia.

FALEMOS! POSTA EN COMÚN

Escoitaremos as vosas **necesidades** ou **inquietudes** como grupo e, de seguido, **marearemos unha data** para desenvolver as sesións formativas.



ACCIÓN! DESENVOLVEMENTO DA PROPOSTA

Desenvolveremos as propostas mencionadas e, despois, realizaremos unha **avaliación final**!

ESTAMOS DESEXANDO
COÑECERVOS!



CONTACTA CON NÓS!

722 349 483




lentes.violetas@aventeira.com



www.aventeira.com



[@aventeira.coop](https://www.instagram.com/aventeira.coop)



**Deputación
DA CORUÑA**



Aventureira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER